

21 INTENTOS DE CONVERSA (PEQUENA NOVELA POR ENTREGAS)

Volvo do traballo pola tardiña e, mentres aparco ao carón da liña da beirarrúa, que se eleva sobre o chan irregular e gris da estrada, penso na partida de hoxe. Ocorrémeme que o sangue corre cunha inusitada velocidade polas veas, non obstante, atopo nesa rapidez vertixinosa certo aceno de calma e, polo tanto, non sinto esa opresión doente contra o peito, a espiña entre as costelas.

Respiro o aire vespertino, e camiño, xogando case sen querer a non pisar as liñas das lastras do chan. Vai subindo pola costa que leva ao portal a do primeiro A, dona Sara, unha muller nada nunha extensa familia dotada coa capacidade de se comunicar co mundo dos espíritos. É capaz de causar certa sensación de abraio a través do contraste entre a súa faciana engurrada coma unha noz e os ollos pequenos e indefensos, e seu vigoroso ánimo e forte carácter. Abro a porta coa chave e déixoa pasar: empurra o carro da compra, violeta, e tráncase na pequena rampiña de pedra. Axúdoa, erguendo as rodas por riba do limiar.

- *Muitas* grazas. Anda, no rocho vai o ascensor! Aínda temos que esperar un cacho.
- Non é nada.- Ás veces os veciños pregúntanlle polas súas experiencias sobrenaturais. Eu sempre mantiven certo respecto por ese temas, pois sinto que as palabras son o primeiro achegamento á materialización dos feitos. Hoxe, non obstante, noto a plenitude dese non sei que que me permite achegarme aos demais, e ao tempo manter esa lixeira esencia agochada de desarraigo - E logo... nada dende o incidente do mes pasado?
- Non muller, que eu non che son a máis talentosa para estas cousas, non como o meu *avolo*, pero é que el era especial, a el falábanlle os espíritos ata cando camiñaba polo monte, alí, entre as árbores e os *animales*.- Observo o seu dedo

que percorre, veloz, a súa fronte e torso, formando unha cruz.- Pero a min non me gustan especialmente esas cousas. Pásanme, pero non me gustan, son moi sinistras, *tu tuviche muita* sorte se nunca che pasaron...

- Non, nunca... E está vostede ao tanto das partidas de xadrez que se están a xogar no edificio?
- Algo estou, si, pero non creas que demasiado. A min interésame a reunión, que quero falar certos asuntos, como o dos *caís* e os gatos no edificio, pero ultimamente estanme a pasar unha de cousas...
- E cales?
- Ai, mira que quero contar, eh... pero non sei...
- Se non quere, non é preciso.
- Bueno, mira, onte... Veña, vale. Montouna o *pascaxo* do meu marido.
- E logo?
- Que estábamos na casa, tranquilos, e van e chaman ao portal, e xa sabes que non se pode mirar porque non hai cámara.
- Si, sei.- Abren as portas do ascensor e entramos. Elevámonos ao compás da corda, que ascende, polo oco, a señora parece nutrirse desa mesma velocidade, e conta a historia.
- Pois colle el e responde. E o de *embaixo* dille que é o fontaneiro, que vai para o segundo. Eu estaba na sala, e pregunto que pasou. E respóndeme que lle abriu ao fontaneiro, que vai para o outro piso... e non vas crer... Dime: “vou mirar onde vai”, e abre a porta, e dígolle que a peche, que a peche... e nada, nin caso me fai. Pois entre que sube polas escaleiras para comprobar se di a verdade, que non sei que lle importaba, chega o outro e entra na casa. Entra o meu marido e dille o rapaz: “Ola, xefe... pode deixarme vinte euros?”, e entra ata a cociña, que no meu

piso está ao fondo de todo, pois entra, e o meu marido non fai nada! E despois vai á sala e di: “Xefa... déixeme vinte euriños, por favor”, e bótoo a fume de carozo. Pero o outro como abre a porta así, sen máis? Se dende logo calquera día hai unha desgraza, con este home...- Despedímonos e quedo eu soa. Reflexiono sobre os momentos nos que sentimos que vivimos nun soño. As experiencias oníricas na realidade gardan un encanto inagochábel.

Ás catro estou abaixo, sentada fronte á mesa, atópanse ao meu carón Eladio de Fistera; a doutora, que decidiu achegarse ao coñecer que non contaríamos coa presenza de Argemiro; Eva; Sabela e Uxía e seu avó. Abren as portas e asoma a cabeza da Señora das Cartas, que ven coa da floristaría e o marido.

- Veña, muller, ti podes! Tróuxenche aquí unhas peonias, que seica dan boa sorte!
- Veña, *rapasa!* Que está *agora* nas túas mans defender a honra do *edifisio!*
- Ei! Non me veña con favoritos, don Eladio.- Uxía colócase ao carón do seu avó.

Concéntrome no xogo e sinto, ao tempo que manteño a atención en todas as posibilidades, unha vaga de confianza e tranquilidade, sinto que me recolle a capa conxunta. Percibo, tamén, o xogo como unha especie de metáfora. O taboleiro simboliza algo así coma un plano, temporal, no que se desprazan as figuras, e a consecuencia de cada movemento ou ausencia deste vese reflectida de forma clara e tanxible ao longo da partida. É algo así como unha vida a alta velocidade.

Móvense as agullas do reloxo do meu pulso, e decátome de que levo agardando vinte minutos polo próximo movemento do señor. A doutora presiona.

- Apure un pouco!- O avó da nena olla cara a ela e fálalle cun ton relaxado na voz.
- Tranquila, señora. Para o xadrez non se pode ir ó tolo. Hai que estar tranquilo como o porteiro do Leganés.
- E, logo, avó, que lle pasou ao porteiro do Leganés?

- Que lle meteron un feixe de goles e el nin se inmutou!

Permanecerei nesa cadeira durante tres horas, e chegará un punto no que só Eladio, a nena e a doutora quedan para ollar a miña derrota, ao son das palabras do propio home: “E xa vedes, que eu non sei xogar, pero gaño”.

- Bueno, pois *parese* que terás que ir contra min, home! Que xa non dou *convensido* a máis *vesiños* para que se unan á causa!
- E haberá que facelo!
- Pois máis nada... Teño que poñer a imprimir os carteis para *pegar* no espello e nas escaleiras e avisar da reunión do venres, mandareillas por “mail” á papelería...
- Polo que, ho?
- O “mail”, que non *che* enteras de nada! Son cousas do Internet.
- Ai, si, o aparato... eso xa mo ten que aprender a Uxía, *oíche*? Todo o día co aparato pero non me ensina a usalo!
- Ai, é normal! *Logho*... para que o ía querer un vello coma ti? Veña, adiós...-
Despídense, eu quedo a recoller as pezas, gárdoas baixo a mesa, onde sempre se colocan. Despois chamo o ascensor. Escoito ás costas o feble son da porta do garaxe, que tenta abrirse. Dalgún xeito, a cadeira obstaculiza o paso. Levántoa do lugar e colócoa sobre a mesa. Entra lixeiramente axitado o veciño que sempre ten présa.
- Bo día.
- Bo día.- No ascensor, os meus intentos de conversa morren, desemboca o case inexistente caudal do río das palabras nun deserto. Adoito crer que eu son a única persoa incapaz de facer tal ou cal cousa, e que os demais, só, non queren. Nestes momentos, atopo máis accesíbeis as emocións externas, e vexo na face

apresurada, na postura apresurada, nos morfemas apresurados... unha diferente clase de agocho. E penso no día das escaleiras. Pregúntome se será certo que os demais non son aqueles seres marabillosos que pintara, cunha impresionante vontade e fortaleza e son, en realidade, só, os demais. Pregúntome se eu pertenzo a ese amplo colectivo dos “demais” dentro do mundo perceptivo individual das outras persoas.